TRABALLO DE APOIO

1. Sitúase a fonética no plano da fala?
En caso de resposta afirmativa, explica por que.
En caso de resposta negativa, consulta o apartado 1 dos documentos descargables.

2. Pode un fonema ter distintas realizacións?
En caso de resposta afirmativa, explica por que.
En caso de resposta negativa, consulta o apartado 2 dos documentos descargables.

3. Pode suceder que na emisión dun son parte do aire expirado saia pola cavidade bucal e outra parte pola nasal?
En caso de resposta afirmativa, explica por que.
En caso de resposta negativa, consulta o apartado 3 dos documentos descargables.

4. Ten o sistema vocálico galego 5 elementos como o castelán?
En caso de resposta afirmativa, explica por que.
En caso de resposta negativa, consulta o apartado 4.1 dos documentos descargables.

5. Hai tritongos en galego?
En caso de resposta afirmativa, explica por que.
En caso de resposta negativa, consulta o apartado 4.2 dos documentos descargables.

6. Ten o galego algún fonema consonántico que non teña o castelán?
En caso de resposta afirmativa, explica por que.
En caso de resposta negativa, consulta o apartado 4.3 dos documentos descargables.

7. Corresponde sempre a un fonema unha grafía e viceversa?
En caso de resposta afirmativa, explica por que.
En caso de resposta negativa, consulta o apartado 4.4 dos documentos descargables.

8. Existe en galego a grafía (h)?
En caso de resposta afirmativa, explica por que.
En caso de resposta negativa, consulta o apartado 4.5 dos documentos descargables.

Solucións:

1. Si, porque estuda os sons, que son realidades de fala. O son é cada un dos fonemas cando o pronunciamos. Así que cando falamos estamos producindo sons. Por iso os sons están no plano da fala.

2. Si, porque depende das características de fonación de cada individuo e de cada circunstancia (contexto, situación, emisor).

3. Si, porque a úvula pode interromper, pechar, o conduto das fosas nasais, pero non a cavidade bucal. Se non pecha as fosas nasais, parte do aire foxe por aí e outra parte pola boca. O son que se produce é oronasal.

4. O átono si, pero o tónico non. O sistema tónico ten sete elementos.

5. Si, aínda que sexan pouco frecuentes, pois algunha posibilidade hai de combinar tres vogais (feble + forte + feble).

6. Si, dous: o /ŋ/ (ene velar) e o /š/ (consonántico, fricativo, liguopalatal, xordo).

7. Se respondiches si, erraches. Non, porque, como podes ver, hai fonemas que poden ser representados por máis dunha grafía e grafías que representan a máis dun fonema, mesmo hai dígrafos.

8. Si, para representar esa mesma grafía latina.